



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CÁTERING PARA O "XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024" . EXPTE. NÚM. 3178/2024

A concelleira delegada de Turismo xustificou no seu informe-memoria de data 30-08-2024 a necesidade a satisfacer co contrato de servizos así como a insuficiencia de medios, cumprindo o establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao igual que o procedemento de contratación, a non división en lotes e os criterios de adxudicación, cumprindo igualmente as previsións dos artigos 99.3, 126, 132 e 145 LCSP.

O expediente de contratación iniciouse pola resolución desta alcaldía número 0946-2024 de 30-08-2024 e no seu cumprimento redactouse o prego de prescricións técnicas pola técnica de Turismo e o de cláusulas administrativas particulares polo técnico de Administración Xeral.

No prego de prescricións técnicas determínase o valor estimado do contrato (sen IVE), artigo 101 LCSP, ascende á contía de 32.385,00 euros (IVE excluído), aplicando o IVE, 10%, supón un orzamento base de licitación de 35.623,50 euros.

A adxudicación do presente contrato levarase a cabo mediante procedemento aberto simplificado abreviado, de acordo co establecido nos artigos 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación, o prezo, tramitación ordinaria, e non estará suxeito a regulación harmonizada.

O importe do contrato aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 338.22699 do vixente orzamento municipal, tendo en conta que o presente contrato ten condicionada a súa adxudicación á consolidación dos recursos orzamentarios necesarios e que a data da sinatura deste documento se atopa en tramitación o expediente necesario para tal fin. O carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia

Logo de ver o informes favorable de secretaría de data 02-09-2024 e o de fiscalización previa da intervención municipal de data 06-09-2024, o cal conclúe coa emisión de reparo suspensivo, sendo do seguinte teor literal:

"Fiscalización desfavorable polos motivos expostos nos apartados QUINTO.7, QUINTO.10, SEXTO.4, SEXTO.25, SEXTO.40 e SEXTO.46.

De acordo co art. 216.2.c) TRLRFL e 12.3.c) RD 424/2017, ó fundamentarse na omisión de requisitos e trámites esenciais que poden dar lugar á nulidade do acto, e afectar á autorización de gastos, este informe de reparo ten efectos suspensivos, correspondendo ó alcalde a resolución da discrepancia e a ordenación de continuación do expediente a través do procedemento establecido no art. 15 RD 424/2017"

Logo de ver o disposto no artigo 217.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece:

"Artículo 217 Discrepancias

- 1. Cuando el órgano a que afecte el reparo no esté de acuerdo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia, siendo su resolución ejecutiva.*





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Esta facultad no será delegable en ningún caso.”

Esta alcaldía, consonte ao precitado artigo, considera axustado a dereito levantar o reparo suspensivo ao non darse as circunstancias previstas no artigo 217.2., e xustificar as súas discrepancias, as cales fundamentaranse no seguinte: Tendo en conta que os motivos de reparo son sobre deficiencias formais no expediente de contratación, debe terse en conta a escaseza de medios humanos existente actualmente no Concello, o que impide que se poidan preparar axeitadamente todos os expedientes de contratación necesarios. Con todo, o presente expediente de contratación contén a documentación esencial para a súa tramitación. Non obstante, é intención desta Alcaldía regularizar a elaboración dos expedientes de contratación o antes posible, dentro das limitacións de persoal dispoñible para esta tarefa

Logo de ver o disposto na Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia será do Pleno. O valor estimado do contrato é de 32.385,00 euros, polo que non excede da porcentaxe do 10% dos recursos ordinarios do vixente Orzamento Municipal para o exercicio 2024, por todo o anterior o alcalde será o órgano competente para aprobar o proxecto, o expediente de contratación e a súa adxudicación.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización emitido o 06-09-2024, Ref: R11/24, do expediente núm. 3178/2024, servizo de cátering para o “XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024” ao considerar xustificadas as discrepancias segundo as motivacións expostas, en aplicación do establecido no art. 217.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e ordear a continuación deste expediente de acordo co art. 15 do Real Decreto 424/2017.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación número 3178/2024, servizo de cátering para o “**XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024**”, a celebrar o día 25-10-2024, cun valor estimado de 32.385,00 euros (IVE excluído), aplicando o IVE, 10%, 3.238,50 euros, supón un orzamento base de licitación de 35.623,50 euros, a tramitar polo procedemento aberto simplificado abreviado, art. 159.6 LCSP, cun único criterio de adxudicación suxeito a fórmulas, o prezo, sen división en lotes.

Terceiro.- Aprobar o gasto e considerar a este contrato de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e a súa adxudicación someterase á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia, a cal será a aprobación definitiva do expediente de concesión de crédito extraordinario núm. 1/2024, aprobado inicialmente polo Pleno na sesión de 01-08-2024.

Cuarto.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas que constan no expediente e que rexerán a adxudicación mediante o





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

procedemento aberto simplificado abreviado do presente contrato de servizos, previsto no art. 159.6 da LCSP.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato polo procedemento aberto simplificado abreviado, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio, informe de necesidade e insuficiencia de medios, memoria, pregos, cadro resumo e composición da mesa de contratación no perfil do contratante deste Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 10 días hábiles se poidan presentar as proposicións que se estimen pertinentes.

Quinto.- Dar conta á Intervención e tesourería para as oportunas operacións contables e dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que se celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

José Carlos Vidal Suárez

O secretario

(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2 do RD. 128/2018)

Adrián J. Márquez Caramés

